

o mesmo se poida examinar o expediente polas persoas lexitimadas e formularen as reclamacións que se consideren oportunas, as cales deberán dirixirse ó Sr. Alcalde – Presidente desta Corporación.

O Vicedo, 10 de marzo de 2026.- O alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 0611

VIVEIRO

Anuncio

D^a. MARIA CARMEN GUEIMUNDE GONZÁLEZ, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 24 de outubro de 2025 Núm. 245, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 21 de outubro de 2025, polas que se inicia o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT “Profesor/a” (EC2-/059) na Escala Administración Especial, Subescala Técnica, sistema oposición, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do luns, 24 de novembro de 2025, DOG Núm. 227, publícase o anuncio da convocatoria para prover unha praza vacante correspondente ao posto da RPT “Profesor/a” (EC2-/059) pola quenda de acceso libre (OEP 2023).

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 02 de decembro de 2025, Núm. 289, para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT “Profesor/a” (EC2-/059) na Escala Administración Especial, Subescala Técnica, sistema oposición, acceso libre, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regula o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT “Profesor/a” (EC2-/059) na Escala Administración Especial, Subescala Técnica, sistema oposición, acceso libre.

Vista a base xeral 8.1, que sinala “(...) **Lista provisional.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía ditará Resolución no prazo máximo de un mes declarando a lista provisional de admitidos e excluídos**

A lista provisional de admitidos e excluídos publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital.

Nesta lista figurarán os apelidos e nome dos aspirantes e si están exentos ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega. No caso dos aspirantes excluídos especificarase o motivo de exclusión e si esta é subsanable...”

Vista a base xeral 8.2 que sinala: “(...)A presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar no proceso selectivo sen o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases suporá a exclusión dos aspirantes tal e como se recolle na base 6, sen prexuízo da súa posible subsanación no prazo de (10) dez días hábiles trala publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, tal e como se recolle no presente punto. Neste prazo tamén se poderá subsanar a documentación presentada ao respecto dos apartados c) e d).

No caso de que na lista provisional non resulte excluído ningún aspirante, aprobarase esta lista con carácter de lista definitiva...”

Visto que segundo o disposto no punto 8.2 da base xeral, o prazo de subsanación será de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, así mesmo establece que no suposto de non resultar excluído ningún aspirante a lista provisional aprobarase con carácter de lista definitiva.

Tendo en conta os requisitos de presentación de solicitudes establecidos no punto 4 da base xeral, a documentación a presentar establecida no punto 6 da base xeral e a posibilidade de subsanación establecida no punto 8 da base xeral.

RESOLVE:

PRIMEIRO.- APROBAR A SEGUINTE LISTA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, CON CARÁCTER DEFINITIVO, AO PROCESO SELECTIVO DE UNHA PRAZA DE “PROFESOR/A” (EC2-/059):

A) ADMITIDOS/AS:

N.º	APELIDOS E NOME	Realización proba de galego
1	ÁLVAREZ GÓMEZ BRUNO	EXENTA

2	DURAN VISO LEON PEDRO	EXENTA
3	GARCÍA TOJEIRO ALICIA	EXENTA
4	SEQUEIROS BLANCO JORGE	EXENTA

B) EXCLUÍDOS/AS:

Nº	APELIDOS E NOME	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
1	GONZÁLEZ DÍAZ, JULIAN	<p>EXCLUÍDO</p> <p>Presentación da documentación fora de prazo (Base Xeral pto. 5.2)</p> <p><i>(...)5.2. Prazo de presentación. O prazo de presentación das solicitudes será de vinte (20) días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE), que será a que marque o prazo de presentación de instancias.(...)</i></p> <p>(NON PODE SER OBXECTO DE SUBSANACIÓN)</p>

A presente lista de admitidos/as e excluídos/as realízase con carácter de carácter definitiva, tendo en conta que o motivo de exclusión de único aspirante excluído non resulta subsanable ao terse presentado a instancia fóra do prazo establecido nas bases. Esta lista de admitidos/as e excluídos/as será publicada no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios dixital, ao que se accede a través da páxina web municipal (www.viveiro.es), web municipal e taboleiro de anuncios físico do Concello.

Contra a resolución que aproba a presente lista de admitidos/as e excluídos/as con carácter de definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, diante da presidencia do Concello de Viveiro, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da presente listaxe definitiva, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da citada publicación no BOP.

SEGUNDO.- Nomear aos membros do Tribunal que a continuación se sinalan:

PRESIDENTE:

Títular: D. Angel Soto Mosquera (Profesor de Composición do Conservatorio Municipal Profesional de Música do Concello de Viveiro).

Suplente: Mateo Gómez Naval (Profesor de Trombón do Conservatorio Municipal Profesional de Música do Concello de Viveiro).

SECRETARIO:

Títular: D. Antonio Río Rodríguez (Secretario do Conservatorio Municipal Profesional de Música do Concello de Viveiro).

Suplente: Dna. Beatriz Vale Conesa (Profesora de Piano e Linguaxe Musical do Conservatorio Municipal Profesional de Música do Concello de Viveiro).

VOGAIS:

Títular: D. Xan Carballal López (Profesor de composición-Director de Escola de Música de Burela e Mondoñedo).

Suplente: Dna. Sonia García Rodríguez (Profesora de Piano e Linguaxe musical do Conservatorio Municipal Profesional de Música do Concello de Viveiro).

Títular: D. Brais Monjardín López (Profesor de Gaita do Conservatorio de Música de Lugo).

Suplente: D. Luis Rodil Fernández (Profesor de Fruta do Conservatorio Municipal Profesional de Música do Concello de Viveiro).

Títular: Ana Yáñez Ríos (Profesora de Guitarra do Conservatorio de Música de Ferrol).

Suplente: D. Xoan Xosé Casteleiro Martins (Profesor de Guitarra-Guitarra Eléctrica do Conservatorio Municipal Profesional de Música do Concello de Viveiro).

COLABORADORA: (Aos efectos de traballos administrativos das labores do Tribunal no proceso selectivo ao fin de elaboración de actas): Dna. María Del Carmen Riveira Martínez, Administrativa no Departamento de Persoal do Concello de Viveiro.

TERCEIRO.- Citar aos membros do Tribunal para o **xoves, día 26 de marzo de 2026, ás 10:00 horas**, para a súa constitución nas instalacións do Conservatorio de Música do Concello de Viveiro.

CUARTO.- CITAR aos membros do Tribunal e **ÁS/AOS ASPIRANTES ADMITIDOS/AS** para que comparezan no Conservatorio de Música do Concello de Viveiro o **venres DÍA 27 DE MARZO DE 2026, ÁS 10:00 HORAS**, aos efectos de realizar a **PRIMEIRO EJERCICIO DA FASE DA OPOSICIÓN**, segundo o punto 10 das bases xerais do proceso selectivo.

QUINTO.- INFORMAR ÁS/AOS ASPIRANTES ADMITIDOS/AS no proceso selectivo que o tempo máximo para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición será de unha hora e cuarto.

SEXTO.- Publicar esta resolución, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios dixital, ao que se accede a través da páxina web municipal (www.viveiro.es) e taboleiro de anuncios físico do Concello.

Dar traslado da presente Resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

Contra a resolución que aproba a presente lista de admitidos/as e excluídos/as con carácter de definitiva, os/as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, diante da presidencia do Concello de Viveiro, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da presente listaxe definitiva, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da citada publicación no BOP.

Mándoo e asínoo en

Viveiro, 9 de marzo de 2026.- A alcaldesa, María Carmen Gueimunde González, ante mín, a secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, María Luz Balsa Rábade.

R. 0612

Anuncio

Publicase anuncio da proposta do Tribunal nomeado para o proceso selectivo para a cobertura dunha praza de **“TÉCNICO/A DE CONTRATACIÓN”** que foi elevada a esta Alcaldía como resultado do proceso selectivo.

PROPOSTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR NOMEADO PARA LEVAR A CABO O PROCESO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DA PRAZA VACANTE CORRESPONDENTE AO POSTO DA RPT TÉCNICO/A DE CONTRATACIÓN (SX1.1/005) NA ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA, SISTEMA OPOSICIÓN, ACCESO LIBRE, FUNCIONARIO DE CARREIRA.

ANTECEDENTES:

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 17 de febreiro de 2025, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 13 de febreiro de 2025, polas que se inicia o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT **“TÉCNICO/A DE CONTRATACIÓN”** (SX1.1/005) na Escala Administración Xeral, Subescala Técnica, sistema oposición, acceso libre..

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do 26 de febreiro de 2025, publicase o anuncio da convocatoria para prover unha praza pola quenda de acceso libre (OEP 2024).

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do 25 de marzo de 2025, para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT **“TÉCNICO/A DE CONTRATACIÓN”** (SX1.1/005) na Escala Administración Xeral, Subescala Técnica, sistema oposición, acceso libre, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regula o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT **“TÉCNICO/A DE CONTRATACIÓN”** (SX1.1/005) na Escala Administración Xeral, Subescala Técnica, sistema oposición, acceso libre.

Vista a publicación da Resolución de Alcaldía da lista definitiva de admitido/as e excluídos/as, o nomeamento do Tribunal e a citación do Tribunal para a súa constitución publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en data 15 de xullo de 2026.

Vista a Acta de Constitución do Tribunal do proceso selectivo para a cobertura para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT **“TÉCNICO/A DE CONTRATACIÓN”** (SX1.1/005) funcionario de carreira en data 11 de setembro de 2025. Constando no expediente as declaracións responsables dos membros do Tribunal de non incursión en causa de abstención.

Vistos os resultados publicados ao respecto da realización do primeiro, segundo, terceiro e cuarto exercicio.